

## A participación como proceso de aprendizaxe e coñecemento social

Francisco Heras Hernández

*Técnico de Formación do Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM)-Ministerio de Medio Ambiente. Punto focal para o artigo 6 da Convención Marco sobre Cambio Climático (España)*

### A participación no camiño cara á sustentabilidade

---

Desde as políticas públicas en materia de enerxía ás características específicas da empresa que subministra a electricidade aos nosos fogares, ou desde os planos hidrolóxicos ata as características concretas do sistema que nos abastece de auga potable, os trazos propios das políticas, dos planos e dos sistemas de xestión, públicos ou privados, condicionan o impacto ambiental e social das nosas formas de facer. Abrir unha billa para obter auga ou pulsar un interruptor para acender unha lámpada, son exemplos de xestos cotiáns cuxas repercusións sociais e ambientais estarán determinadas, en boa medida, polo contexto en que realizamos estas accións. En consecuencia, para avanzar cara a escenarios máis sustentables, requírense cambios que afectan non só ás nosas opcións individuais, senón tamén ás de carácter colectivo.

A participación cidadá, o proceso polo cal as persoas “toman parte” na resolución dos problemas, achegan a propia creatividade, os puntos de vista, os coñecementos e os recursos e comparten a responsabilidade na toma de decisións, constitúe unha vía natural para repensar e reformular esas opcións colectivas nun marco comunitario. Dada a magnitude dos cambios requiridos en materia de sustentabilidade, a participación é cada vez máis valorada como a fórmula para construír consensos e xuntar esforzos... e tamén para tomar mellores decisións en relación cos grandes dilemas ambientais.

## Beneficios da participación

---

Diferentes autores destacaron unha serie de vantaxes e de beneficios da participación cidadá aplicada á resolución dos problemas ambientais. A continuación repasaremos, de xeito breve, os máis significativos, e deixaremos claro que, en todo caso, o que aquí presentamos é unha relación de potencialidades e non un conxunto de efectos positivos que se dan de forma automática. Diversos factores, entre eles o propio deseño que se faga do proceso participativo, poderán influír para que estes beneficios se dean en maior ou en menor medida.

### **A participación contribúe a unha resolución máis eficaz dos problemas**

En ocasións deféndese que os procesos sen participación son menos democráticos, mais “máis eficaces” para afrontar os problemas ambientais. Non obstante, existen diversos argumentos que apoian a idea de que a participación pode mellorar a eficacia das respostas:

Uns mellores diagnósticos das necesidades: a xente que se acha próxima aos problemas conta con información de primeira man que pode resultar de gran valor para realizar un axeitado diagnóstico da situación de partida. En todo caso, a participación

permite recoñecer mellor como perciben a situación aqueles máis directamente afectados ou máis próximos a ela.

Unha maior riqueza na procura de solucións: a través da participación pode xerarse un conxunto máis amplo de opcións para resolver os retos formulados. Por exemplo, as poboacións locais posúen unha valiosa sabedoría con relación á xestión do seu ámbito. A través da súa participación eses coñecementos poden ser compartidos.

Unha mobilización de recursos: ao ampliarmos o conxunto de organizacións e de persoas implicadas na resolución dos problemas, a participación facilita que se poidan dispor dos recursos, humanos e materiais, con que contan estes actores sociais.

A chave das saídas: en moitas ocasións, as respostas adecuadas para atallar un problema só están en mans da propia comunidade, o que fai que a súa implicación sexa imprescindible.

### **Os procesos participativos fomentan a integración social, ao reforzaren e ao estruturaren as comunidades**

A participación pode ser unha oportunidade excelente para xerar ou para reforzar un tecido social a favor da conservación do medio. Compartindo obxectivos,

experiencias e responsabilidades, as persoas e as organizacións establecen conexións que perduran máis alá dun proxecto concreto e que poden dar lugar a redes útiles para acometer novas iniciativas proambientais. Ademais, os procesos participativos fomentan a integración social ao incluíren na toma de decisións cidadáns e grupos tradicionalmente afastados da vida pública (ALLIÓ e OLIVELLA, 1999: 13).

### **A participación desenvolve o sentido de pertenza e a identificación das persoas co seu medio**

Sabemos que a xente tende a asumir responsabilidades ante aquilo que considera propio, mentres que o desarraigamento produce indiferenza ou inhibición. Como indica o psicólogo catalán E. POL, no mundo occidental o cidadán tende a considerar alleo todo aquilo que escapa directamente á súa xestión. Autores como Pol defenden que a vivencia do lugar, sentirse axente da súa conservación ou da súa transformación, é un aspecto chave para construír un sentido de pertenza.

### **A participación proporciona oportunidades para a aprendizaxe e para exercer a responsabilidade ambiental**

A participación pode ser concibida como un proceso de resolución de problemas en que as persoas teñen oportunidades para:

- practicar e dominar as técnicas e os procedementos útiles para actuar na resolución de problemas ambientais
- adquirir información e coñecementos
- clarificar os propios valores en relación cos temas sobre os que se traballa
- cultivar a creatividade e propor novas saídas
- mellorar a capacidade de comunicación horizontal
- asumir responsabilidades concretas na loita contra a deterioración ambiental

Por iso os procesos de participación son cada vez máis apreciados como unhas oportunidades para a educación ambiental dos participantes (HERAS, 1997).

### **A participación facilita que os intereses da xente sexan tidos en conta ao corrixir tendencias tecnocráticas**

Detrás dos problemas ambientais hai, case sempre, conflitos de intereses humanos. Os métodos de toma de decisións en que as consultas aos sectores interesados son moi limitadas tenden a ignoraren ou a excluíren unha parte dos intereses en xogo a respecto dun tema. A participación pode propiciar que os desexos e as necesidades dun número máis amplo de persoas sexan tidos en conta. Desta forma, pode ter un efecto integrador de intereses nos procedementos de toma de decisións.

## **A participación pode prever os conflitos**

Os procedementos de participación que poñen a énfase na construción de consensos facilitan que os interesados compartan os coñecementos e as habilidades para resolver os problemas. Perséguese que os grupos cooperen para resolveren os retos existentes, de forma que o proceso se dirixa a enfrontar os problemas que fai falta resolver en vez de enfrontar as persoas que teñen puntos de vista diferentes. Os métodos de toma de decisións en que as consultas aos sectores interesados son moi limitadas propician, a aparición de conflitos porque (ELCOMÉ e BAINES, 1999):

- propician que a xente se peche nas súas posturas
- avivan as suspicacias entre os diferentes grupos de interese
- crean vencedores, perdedores e divisións nas comunidades

## **A participación permite comprender mellor as decisións alcanzadas**

A participación non garante que todo o mundo vaia estar de acordo coas decisións que finalmente se adopten, mais si permite que a xente entenda mellor as razóns que hai detrás dunha decisión e a complexidade de variables que inciden nunha situación problemática, os posibles

efectos que deben ser previstos á hora de intervir ou as limitacións que condicionan a toma de decisións.

## **A participación proporciona maior lexitimidade ás decisións tomadas**

As respostas ante os problemas ambientais poden carrexar limitacións ou renuncias, quer persoais quer colectivas. Como indica SUBIRATS (2001) “cada vez máis, la gente será capaz de aceptar y compartir decisiones que afecten negativamente a alguno de sus intereses si considera legítima la vía por la que se ha llegado a tomar esa decisión”.

## **A participación pode facilitar a continuidade das intervencións decididas**

As accións amplamente avaladas teñen moitas máis posibilidades de permaneceren no tempo que aquelas que son froito de empeños persoais. Cando as decisións foron participadas, xérase un maior sentido de pertenza que converte as persoas e as organizacións en defensoras das iniciativas e en garantes da súa continuidade.

## **A participación é máis necesaria en situacións de incerteza**

Finalmente, cómpre resaltar o especial valor da participación nun contexto en que se aspira a un tránsito cara a situacións

máis sostibles; é precisamente nas situacións de crise ou de cambio, en que a participación se fai máis necesaria.

Na *táboa 1* sintetízanse algunhas das achegas que poden proporcionar os métodos participativos para avanzar cara a escenarios máis sostibles.

## Participación en chave de sustentabilidade

Para propiciar a participación cidadá en chave de sustentabilidade non abonda con preguntar á xente como pensa que se deberían facer as cousas nin con facilitar

que as opinións dos cidadáns sexan trasladadas ás institucións. Cando se consulta directamente á xente sobre como lle gustaría que fose a súa cidade, sobre que iniciativas quereda ver desenvolvidas nos espazos naturais da súa comarca ou sobre como lle gustaría que fosen as zonas verdes do seu barrio, é moi frecuente que a xente se limite a reflectir nas súas respostas os desexos ou as demandas “dominantes”, que se difunden incansablemente a través da publicidade e dos medios de comunicación de masas.

Por iso é importante propiciar unha reflexión previa. Unha reflexión en que teñan cabida os datos pouco coñecidos, mais significativos, ou as ideas e os puntos de vista que hoxe son minoritarios e que

Situación actual	Achegas da participación ambiental no camiño cara á sustentabilidade
Rutinas insostibles moi asentadas e asumidas	Reconsideración crítica das “formas de facer” actuais
Conxunto das opcións que se toman en consideración para dar resposta aos problemas, moi limitado	Conxunto das opcións que se toman en consideración para dar resposta aos problemas, máis amplo
Desacordo social sobre as respostas para dar perante os problemas ambientais	Construción de acordos que permitan asumir os cambios necesarios
Grande peso dos intereses corporativos no desenvolvemento da política ambiental	Maior equilibrio entre os intereses en xogo
Receitas para afrontar os problemas aplicadas de forma mimética, sen realizar unha axeitada adaptación aos contextos locais	Respostas aos problemas máis adaptadas á realidade socioambiental local
Crecente sensibilización ante os problemas ambientais, mais escaso sentimento de responsabilidade ante eles	Xeración dun sentimento de responsabilidade compartida ante a problemática ambiental
Desigual colaboración da poboación no desenvolvemento de medidas para atallar a deterioración ambiental	Colaboración máis ampla e intensa da poboación na posta en marcha de medidas proambientais
Recursos escasos para acometer accións de mellora ambiental	Mobilización de recursos dun conxunto máis amplo de actores sociais

teñen un escaso eco nos grandes medios de comunicación. “Repensar” as cousas en chave de sustentabilidade é máis doado se se achegan ao debate os datos relacionados coa calidade de vida ou coa equidade, se se dá voz nos debates aos sectores marxinados ou desfavorecidos e se se propician procesos deliberativos en que haxa lugar para a imaxinación e a creatividade.

En definitiva, unha participación orientada á sustentabilidade debe ser, non só un instrumento para o consenso, senón tamén para a aprendizaxe persoal e social. Para a aprendizaxe compartida.

## Os procesos participativos como procesos de aprendizaxe

---

En opinión do politólogo F. Pindado, todo proceso de participación que aspire a ser transformador será un proceso educativo. En palabras de PINDADO (2002:18) “a práctica demóstranos cada día que o principal instrumento para o cambio é a xente. Nós somos os que cambiamos e, ao facelo, conseguimos cambiar as cousas. A estes tipos de cambios denominámoslos educativos e, por tanto, para facer que as cousas cambien teremos que nos educar; porque estamos a falar do cambio da xente”.

Se aspiramos a que os procesos participativos sirvan para tomar mellores decisións a respecto do ambiental, deberemos aspirar a que sexan auténticos procesos de aprendizaxe. A toma en consideración da complexidade propia do ambiental (implícita na idea de sustentabilidade) así o esixe. Os dilemas relacionados coa xestión ambiental son complexos. Ningún partido, organización ou disciplina posúe de maneira exclusiva as claves para comprender unha situación particular. A aprendizaxe mutua é, por tanto, un elemento esencial dunha xestión ecosistémica (DANIELS e WALKER, 1996). Os procesos participativos que levan consigo a implicación e a interacción de diferentes actores sociais, con diversos coñecementos e percepcións en relación cos problemas ambientais, constitúen unha vía esencial para esa aprendizaxe mutua.

Hai diversos argumentos que apoian a idea de que os procesos participativos poden constituír excelentes oportunidades para a aprendizaxe. Algúns dos máis significativos serían estes:

**Novos ollos para ver a realidade:** as rutas que poñen en relación o coñecemento e a acción teñen un duplo sentido: o coñecemento pode conducir á acción, mais a acción tamén pode conducir ao coñecemento. A información, a reflexión e as experiencias vitais, poden traducirse en novas formas de facer. Mais tamén pode chegarse a unha maior sensibilización ou a

uns novos valores a partir de cambios nas nosas rutinas ou accións. Cambiando as nosas formas de facer tamén nos resituamos ante o mundo. Ao cambiar o noso papel tamén pode cambiar a nosa forma de ver as cousas. Por iso, poñendo a xente no papel de actores tamén se pode propiciar que se abran paso novas visións da realidade.

**Novas oportunidades para aprender:** sobre o papel, a participación pode ofrecer distintas oportunidades para a aprendizaxe. Ao longo dun proceso participativo, os participantes teñen ocasión de:

- empregar diversos procedementos útiles para coñecer a realidade (por exemplo, a análise de documentos, as entrevistas con actores sociais chave, as visitas sobre o terreo...)
- descubrir información relevante sobre os temas para tratar
- recoñecer diversas sensibilidades, intereses e ideas arredor dos temas formulados
- clarificar os propios valores en relación coas cuestións a debate
- cultivar a creatividade, contribuíndo a construír novas solucións ou alternativas
- mellorar a nosa capacidade para presentar e para defender as nosas ideas
- asumir responsabilidades concretas nos procesos de mellora ambiental

**Un contexto que dá sentido ao que se aprende:** os novos coñecementos sobre o medio, a aprendizaxe de técnicas, o

desenvolvemento da creatividade etc. teñen un lugar e un sentido nun proceso de participación. O proceso social e de resolución dos problemas achega un contexto lóxico á aprendizaxe. Ese contexto proporciona un significado engadido ao que aprendemos.

**Razóns para aprender:** os adultos tendemos a procurar un sentido práctico á aprendizaxe. Estamos máis motivados para aprender aquilo que pensamos que nos servirá para desenvolvernos mellor no noso ámbito. O proceso participativo proporciona ese sentido práctico á aprendizaxe; aprendemos para nos desenvolver mellor no proceso e para contribuír á súa resolución

**Unha conexión coherente entre a aprendizaxe e a acción:** se analizamos a cuestión desde a perspectiva educativa, a participación permite integrar a aprendizaxe e a acción, e saltar a barreira que con tanta frecuencia separa o que aprendemos do que facemos e que a miúdo fai que as actividades de aprendizaxe sexan consideradas como algo alleo ao “mundo real”. Nos procesos participativos a toma de postura e as decisións son o resultado lóxico dun proceso de indagación e de resolución dos problemas. A acción nace como o resultado lóxico do que aprendemos e do que acordamos cos outros.

Entendemos, en definitiva, que para que os procesos participativos constitúan

unha ferramenta útil para afrontar os problemas ambientais ou os retos de sustentabilidade, estes deben constituir procesos de aprendizaxe. Porque só aprendendo poderemos tomar mellores decisións. Mais, ademais, os procesos de participación bríndannos unha oportunidade singular para a aprendizaxe ambiental.

## Factores que facilitan procesos participativos de calidade

---

A partir dos estudos sobre os procesos de participación con éxito, diversos autores e organizacións propuxeron elementos chave que caracterizan os procesos participativos de alta calidade. Desde a perspectiva da participación como un proceso de aprendizaxe persoal e social que facilita mellores diagnósticos, propostas, decisións e intervencións, destacamos catro deles:

- Información
- Inclusión
- Deliberación
- Vías de influencia nas decisións

### Información

A existencia de información accesible, fiable e plural facilita aos actores sociais realizar bos diagnósticos dos retos sociais e ambientais formulados. Por contra, será difícil que as persoas participantes poidan

realizar as súas mellores achegas a un proceso de participación se descoñecen a información relevante de que se dispón.

Unhas diferenzas marcadas nas posibilidades de acceso á información poden xerar distorsións notables e situacións injustas. As actitudes de secretismo á hora de manexar datos e informes, as trabas formuladas ao acceso dos interesados á información dispoñible, dan lugar a desigualdades inaceptables á hora de participar.

### Deliberación

Nos procedementos de participación achamos actores con diferentes coñecementos, intereses e ideas sobre as solucións que hai que dar, os retos ou os problemas existentes. Se se desexa sacar o mellor partido desta valiosa materia prima e tamén propiciar a procura de acordos ou de consensos que permitan, na medida do posible, harmonizar os diferentes intereses en xogo, é necesario que os actores conten con posibilidades para a comunicación e o debate.

Como sinalan DANIELS e WALKER (1996) moi frecuentemente as axencias gobernamentais asumen que os intereses dos participantes están prefixados e son practicamente inamovibles; desta maneira, o interese público concíbese como unha sinxela acomodación ou agregación de intereses individuais. Os procesos participativos que se organizan baixo esta concepción non recollen de



forma axeitada a deliberación pública, as actividades que promoven o debate social, o tráfico de ideas ou o descubrimento dos intereses dos outros.

Algúns argumentos que permiten poñer en relación a deliberación e a aprendizaxe son os seguintes:

**Os procesos deliberativos abren as portas á comunicación social:** “nos procesos deliberativos os participantes deben ser persuasivos e facer que os seus argumentos, aínda que sexan de carácter técnico, resulten accesibles para os demais” (BLOOMFIELD e outros, 2001). Faise un esforzo por ser entendido porque hai que convencer os outros.

**A deliberación permite recoñecer mellor os propios intereses:** nos procesos participativos os actores sociais defenden os seus intereses e iso sêvelles para os coñecer e para os argumentar mellor. Ademais, ao longo dos procesos participativos pódese producir unha clarificación ou unha mellor definición das propias posicións, xa que se nos formulan opcións e dilemas ante os que nos debemos situar. Os procesos deliberativos permítenos coñecer e valorar novas posturas e así coñecer mellor os nosos propios procesos.

**Os procesos deliberativos facilitan a aprendizaxe mutua:** a comunicación e o debate entre actores con diferentes

coñecementos, puntos de vista, intereses... a respecto das cuestións ambientais permite a aprendizaxe mutua.

**Os procesos deliberativos permiten xerar novas ideas:** nos procesos deliberativos, as achegas realizadas inspiran outras novas, ao xurdiren, por acumulación, novas ideas diferentes das que cada un tiña. Desta maneira, constrúese un novo coñecemento de forma colectiva.

**A deliberación axúdanos a superar visións simplistas da realidade:** o conxunto de factores implicados, de efectos posibles das nosas opcións para considerar, ensánchase se a deliberación é plural, permitíndonos abandonar visións das cousas excesivamente simplistas.

**A participación xera debates públicos enriquecedores:** frecuentemente, os debates formulados nos procesos participativos trasládanse á esfera do público e xeran debates sociais máis amplos. Uns medios de comunicación plurais, abertos aos distintos discursos formulados, constitúen un ingrediente esencial para que se xeren debates públicos intelixentes. O debate e o seu poder educador pode chegar así a unha porción da poboación moito máis ampla que a inicialmente implicada ou interesada nel.

## Inclusión

Seguindo a BLOOMFIELD e outros (2001), consideramos que un proceso inclusivo “é aquel que logra incorporar o máis amplo espectro posible de interesados, sobre o principio de que, desta maneira, se acrecentará o sentido de pertenza, a lexitimidade dos resultados e a difusión do coñecemento”.

A incorporación ao proceso participativo dunha ampla diversidade de actores, de sensibilidades ou de perspectivas, tamén favorece a aprendizaxe nos procesos participativos, xa que:

**A inclusión enriquece a deliberación:** a formulación de debates con quen, no esencial, pensa como un propio e defende os mesmos intereses, ten un interese moi limitado. O debate entre xentes con diferentes coñecementos, puntos de vista e intereses resulta moito máis enriquecedor.

**Cantos máis axentes están implicados, máis oportunidades hai para que a aprendizaxe se difunda:** a incorporación dun conxunto máis amplo de sectores e de grupos de interese diferentes aos procesos participativos fará que os coñecementos derivados destes procesos poidan chegar a unha porción máis ampla da sociedade.

## Influencia na toma de decisións

Os actores que interveñen nun proceso de participación teñen a lóxica expectativa de influíren co seu esforzo no “mundo real”. Os procesos participativos en que as ideas e as propostas xeradas non achan vías de influencia na toma de decisións son procesos que, polo menos nos seus fins últimos, resultan errados.

O feito de que o proceso participativo conte con vías de influencia nas decisións que hai que tomar, pode reforzar o seu valor como un proceso xerador de coñecemento.

**A posibilidade de influír outorga utilidade ao coñecemento xerado:** as vías de influencia resultan un ingrediente fundamental para que os resultados do proceso participativo se convertan nun coñecemento socialmente útil, que sirva para tomar mellores decisións.

**A participación satisfactoria reforza as actitudes participativas:** cando o esforzo invertido na participación ten efectos tanxibles, positivos, cultívase a “sensación de poder”. É o proceso coñecido na literatura anglosaxona como empowerment, que acrecenta a sensación das persoas de que son capaces de influír sobre as cousas de intervir de forma positiva en cuestións que afectan á súa propia vida, ás súas comunidades ou á súa sociedade mediante a acción sobre temas ou sobre problemas que eles definen como importantes (PAGE e CZUBA, 1999).

## A organización da participación

---

Diversos estudos de casos e de análises teóricas suxiren que os procesos participativos satisfactorios xeran autoconfianza nas comunidades implicadas, ao tempo que proporcionan un saber facer participativo que facilita o desenvolvemento de novos procesos. Por contra, as tradicións máis autoritarias na xestión ambiental adoitan traducirse en actitudes de inhibición sobre o ambiental, ademais de xerar unha sensación progresiva de falta de competencia ante estas cuestións.

Poderíamos dicir, en resumo, que a participación de calidade tende a xerar as condicións para unha mellor participación futura, mentres que a participación errada ou inexistente alimenta a perda de sentido da responsabilidade colectiva sobre o ambiental.

Como superar a dinámica da desmobilización e substituíla por outra participativa? En primeiro lugar, é importante recoñecer un feito básico: os procesos participativos son procesos que requiren organización.

A organización ou a dinamización axeitada dos procesos participativos implica unha atención constante ao seu devir para ir achegando os ingredientes chave para

que a participación progrese. En esencia, trátase de contribuír a crear as condicións para que o proceso se alimente con información relevante e plural, para que acolla a todos os actores con intereses, sensibilidades e coñecementos distintos, para que permita o tráfico de ideas e a deliberación e para que teña capacidade de influencia nas decisións.

Lograr que se dean estes ingredientes e que o proceso avance cun esforzo razoable por parte dos participantes, evitando disfuncións e bloqueos habituais nos procesos colectivos, esixirá desenvolver un conxunto de tarefas diverso, entre as que poderían achar as seguintes (HERAS, 2002):

- Realizar unha análise axeitada da situación de partida, que permita detectar os atrancos e as oportunidades que, previsiblemente, se formularán no proceso.
- Identificar os posibles actores interesados, para promover de forma activa a súa incorporación ao proceso.
- Apoiar, en caso necesario, a autoorganización e a clarificación de ideas por parte dos sectores interesados que teñan menos capacidades ou capacidade organizativa, evitando así desigualdades inaceptables.
- Animar a participación dos sectores con baixa motivación de partida e tratar de manter o interese e a motivación ao longo do proceso.

- Propor procedementos concretos para canalizar a participación, que faciliten a implicación activa de todos e que canalicen axeitadamente as achegas dos participantes.
- Facilitar, cando for factible, que se produzan propostas e acordos que gocen do máximo respaldo posible e que sexan útiles para avanzar na resolución dos problemas socioambientais formulados.
- Promover unha avaliación continua ao longo do tempo, detectando, tan pronto como sexa posible, malestares, déficits, problemas que poidan obstaculizar o avance do proceso.
- Facilitar a aplicación do acordado, facilitando, cando for necesario, a cualificación ou os recursos para que os diferentes actores sociais poidan cumprir os seus compromisos.

Evidentemente, non sempre será necesario acometer todas estas tarefas. Nin sequera se trata de responsabilidades que deban ser asumidas necesariamente por unha única organización, equipo ou grupo. Mais frecuentemente será necesario desempeñar algunhas delas se se desexa asegurar a viabilidade dun proceso participativo, mellorar a súa funcionalidade e reforzar o seu valor na resolución de problemas ambientais.

Non obstante, cada vez con maior frecuencia, asistimos ao lanzamento de propostas participativas que ignoran

as necesidades organizativas e de dinamización requiridas para que esas propostas cheguen a un bo fin. O certo é que, a habilitación dun procedemento formal para canalizar a participación pública raras veces será suficiente para asegurar uns procesos participativos de calidade.

No campo da participación pública en materia de medio estendeuse unha perigosa confusión entre a participación e os procedementos institucionais empregados para a canalizar. Estes últimos constitúen fórmulas que poden ser útiles para canalizar as achegas das persoas e das organizacións en momentos concretos. Mais non deben confundirse co proceso da participación en sentido amplo, a través do cal un conxunto de actores sociais reconece os problemas ou os retos formulados, vai reaccionando ante eles e trata de influír nas decisións ou de intervir nas iniciativas que cómpre desenvolver.

A lóxica burocrática levada ao seu extremo, fai que moitas institucións consideren que cumprir coas formalidades legalmente esixidas en materia de participación significa que a participación queda garantida. O certo é que, pór a disposición da cidadanía un documento técnico relativo ao tema que hai que dilucidar ou abrir os rexistros administrativos á presentación de alegacións, poucas veces asegurarán, por si sós, unha participación de calidade.

Non pretendemos defender aquí unhas políticas públicas ultrapaternalistas en materia de participación ambiental; as análises de casos mostran como, en ocasións, unha comunidade preocupada por un problema ou por unha ameaza ambiental é capaz de pór en xogo un conxunto notablemente rico de recursos e de estratexias para obter información, para divulgar entre os veciños e outros interesados datos chave e visións propias sobre o problema, para captar e integrar as preocupacións cidadás e para desenvolver iniciativas diversas co obxecto de influír nas decisións públicas (HERAS, 2006). Mais tamén é frecuente que as comunidades sexan incapaces de reaccionar axeitadamente ante procesos ou proxectos de elevado impacto social e ambiental ou que o fagan desinformadas, cun escaso criterio ou de maneira pouco eficaz.

Isto lévanos a nos reafirmar na idea de que as necesidades de organización e de dinamización requiridas para lograr uns procesos participativos de calidade poden ser moi dispares.

Independentemente de que haxa uns mínimos legalmente esixibles, un bo programa de participación pública debe adaptarse á realidade socioambiental específica de cada caso, polo que non parece oportuno limitarse a aplicar unhas receitas de forma mimética. Por iso, en cada ocasión, as administracións públicas responsables de organizar e de tomar

en consideración as achegas cidadás deberían planificar de forma específica o proceso, identificar o público que hai que implicar e seleccionar as técnicas de dinamización da participación máis apropiadas.

## **Educación ambiental e participación: relacións incipientes**

---

A Convención sobre acceso á información, a participación e o acceso á xustiza en materia de medio (coñecida tamén como Convención de Aarhus) inclúe, entre as consideracións que a xustifican, “o desexo de promover a educación ambiental para favorecer a comprensión do medio e o desenvolvemento sustentable, e a extensión de sensibilización pública e da participación nas decisións que afectan ao medio e ao desenvolvemento sustentable”. No ámbito español, a participación ambiental foi recoñecida como un dos instrumentos básicos da educación ambiental (Libro Branco da Educación Ambiental en España, 1999). Non obstante, a pesar deses recoñecementos, os traballos que analizan o papel dos procesos de participación ambiental como divulgadores ou como xeradores de coñecemento son aínda escasos<sup>3</sup>. A aplicación dos instrumentos metodolóxicos da educación ambiental

ao deseño e á dinamización dos procesos participativos tamén é limitada, aínda que comeza a se consolidar en campos de intervención como o voluntariado ambiental.

A concepción da participación ambiental como un instrumento de aprendizaxe e de coñecemento social ten unhas implicacións innegables para o deseño, a dinamización e a investigación destes procesos sociais que aínda non foron exploradas ou aplicadas en profundidade. Estamos convencidos, non obstante, que esta debe ser unha tarefa prioritaria para acometer desde a educación ambiental nos próximos anos, xa que, se concibimos os procesos participativos como instrumentos de aprendizaxe persoal e colectiva estaremos máis preto de lograr que estes procesos constitúan ferramentas efectivas de mellora social e ambiental.

## Referencias bibliográficas

- ALIÓ, M<sup>a</sup>.A. Y OLIVELLA, M. (coords.) (1999). *Per viure bé nolsaltres i les generacions que vindrán. Con prenda part a fer sostenibles els nostres pobles i ciutats*. Diputació de Barcelona, Barcelona.
- BLOOMFIELD, D, COLLINS, K, FRY, CH, & MUNTON, R. (2001). *Deliberation and inclusion: vehicles for increasing trust in UK public governance? Environment and Planning C: Government and Policy*, 2001, Vol. 19: 501-513
- DANIELS, STEVEN E. & WALKER, G.B. (1996). *Collaborative learning : improving public deliberation in ecosystem-based management. Environmental Impact Assessment Review*. Vol. 16 (1996), nº 2 march ; p. 71-102
- ELCOME, D. Y BAINES, J. (1999). *Steps to success. Working with residents and neighbours to develop and implement plans for protected areas*. IUCN. Commission on Education and Communication; European Committee for EE, Suiza, 42 págs.
- HERAS, F. (1997). *Medio ambiente, educación y participación. Ciclos*, 1: 24-27
- HERAS, F. (2002). *Entretantos. Guía práctica para dinamizar procesos participativos sobre problemas ambientales y sostenibilidad*. Ed. GEA, Valladolid.
- HERAS, F. (2006). *La participación como proceso de aprendizaje y conocimiento social: La participación pública en la Evaluación de Impacto Ambiental del embalse de Bernardos (Segovia)*. Memoria de suficiencia investigadora. Departamento de Ecología – Universidad Autónoma de Madrid. Doctorado Interuniversitario en Educación Ambiental
- MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (1999). *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Ministerio de Medio Ambiente, Madrid.
- PAGE, N. Y CZUBA, CH.E. (1999). *Empowerment: what is it? Journal of Extension*, Vol 39, nº5 october 1999.
- PINDADO, F. (coord.) (2002) *Eines per a la participació ciutadana. Bases, mètodes i tècniques*. Diputació de Barcelona. *Papers de Participació Ciutadana*, 6. <http://www.diba.es/flordemaig/participacio> (acceso 08.12.06)
- SUBIRATS, J. (2001). *Nuevos mecanismos participativos y democracia: promesas y amenazas*. En J. Font (coord..) *Ciudadanos y decisiones públicas*. Ariel. Barcelona.
- VVAA (2005). *Once historias sobre participación ambiental. Y algunas reflexiones compartidas*. Ed. Ministerio de Medio Ambiente. Organismo Autónomo Parques Nacionales, Serie Educación Ambiental. Madrid. <http://www.mma.es/ceneam> (acceso 08.12.06)

---

1 En España merece unha mención o traballo do seminario permanente sobre educación ambiental e participación, promovido polo CENEAM e que reúne unha vintena de educadores que traballan e reflexionan nesta liña (VV. AA., 2005).